

METODOLOXÍA DA ENQUISA TOPONÍMICA: MATERIAIS E PROCEDEMENTOS

Xosé Ramón López Boullón, Óscar Castro Castedo,
Vicente Feijoo Ares, Marta López Macías
S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. SITGA

O Proxecto Toponimia de Galicia ten por obxecto a conservación e a recuperación dun patrimonio lingüístico que se mantén nas referencias topónimas do territorio. Neste senso, definiuse unha metodoloxía de traballo dirixida a unha recolleita sistemática dun considerable volume de información topónimica, cuns obxectivos lingüísticos e xeográficos definidos, e coa necesidade da intervención dun amplio equipo de enquisadores para afrontar o proxecto en toda Galicia.

A metodoloxía de traballo baséase na realización de enquisas directas sobre os habitantes naturais das aldeas galegas coa finalidade de rexistrar cada nome cuns parámetros lingüísticos e xeográficos determinados, formar unha gran base de datos e integrar toda esta información nun sistema de información xeográfica.

A recolleita da microtoponimia baixo esta metodoloxía require a utilización de materiais específicos e unha serie de procesos para a xestión e utilización de toda esta información. A continuación achegámonos ó proceso metodolóxico que implica a recolleita da microtoponimia no marco dos obxectivos fixados polo Proxecto Toponimia de Galicia.

Partimos da enquisa realizada nun territorio determinado (concello- parroquia), através dun informante previamente seleccionado dependendo do grao de coñecemento e implicación co medio (ficha do informante). Recollemos o topónimo rexistrando a fonética (ficha do topónimo) e súa tipoloxía xeográfica que pode estar relacionada coa identificación dun elemento da orografía (pico, val, outeiro...), do hábitat (aldea, lugar...), da hidrografía (fonte, regato, fervenza...) ou ben relacionada coa actividade do home no territorio (agro, prado, viñedo...). Por último, o topónimo é localizado na fotografía aérea mediante un código numérico que servirá de clave para a súa relación coa información introducida nas fichas correspondentes. Toda esta información conformará unha gran base de datos topónimica onde cada topónimo

Xosé R. Boullón, Óscar Castro, Vicente Feijoo e Marta López

ten un código único cos seus atributos lingüísticos e xeográficos correspondentes. Así mesmo, mediante o proceso da dixitalización introducícese na ortofoto onde queda ubicado coas correspondentes coordenadas xeográficas para a súa posterior utilización en calquera documento cartográfico.

A recolleita da toponimia no territorio

A recolleita oral dos nomes baséase na realización de enquisas directas en campo a informantes nativos de idade avanzada, pero que requieren unha serie de pasos e procedementos desde a análise de toda a documentación onde poida aparecer información topónimica da zona de estudio ata a introdución dos nomes obtidos en campo, debidamente contrastados, nunha base de datos. Resumidamente os procesos serían os seguintes:

- Estudo previo da *documentación topónimica existente tanto na cartografía como en publicacións específicas.*
- Definición e familiarización co *territorio de traballo*. Faise tomando como punto de partida a parroquia, unidade territorial de referencia no contexto da unidade administrativa do concello.
- Preparación da saída ó campo facendo unha *programación de enquisas e unha selección de informantes.*
- Introdución da información recollida en fichas e posteriormente nunha *base de datos topónimica.*
- *Localización xeográfica na fotografía aérea* para a posterior dixitalización en ortofoto e incorporación á cartografía.

1. Análise da documentación topónimica existente sobre a zona obxecto de recolleita

Existe distinta documentación que achega información topónimica do territorio e que resulta imprescindible ter en conta. O seu estudo é algo básico para a preparación da saída ó campo. Proporciona un coñecemento do territorio que serve de orientación sobre a densidade e tipo de toponimia coa que nos podemos encontrar, ó mesmo tempo que é unha ferramenta útil ante o informante para a verificación e a localización da información aportada por este.

Podemos diferenciar entre unha documentación na que aparece a toponimia sen referencias xeográficas explícitas e outra que está vinculadas coa cartografía.

Entre as primeiras cabe sinalar:

- Os *Nomenclátore*s onde aparecen os nomes relativos ás entidades de poboación (concello, parroquia e lugar).

Metodoloxía da enquisa topónómica: materiais e procedementos

- Publicacións locais con contidos etnográficos e históricos, dirixidas algunas delas á promoción turística da zona de recolleita.
- Libros de investigación topónómica feitos por algún erudito nativo do concello en cuestión nos que se analiza o topónimo etimolóxicamente.

Son escasas as referencias espaciais neste tipo de documentación, o que dificulta seriamente a súa localización cando se trata de nomes que non se refiren a núcleos de poboación.

Nas segundas, na documentación cartográfica as informacións topónómicas dependen da escala do mapa e da finalidade deste documento. Temos que diferenciar os seguintes:

- *Cartografía do Instituto Geográfico Nacional* a escala 1:25.000. A información coa que conta permítenos atopar referencias sobre os principais elementos do territorio (ríos, núcleos de poboación, montes e paraxes).
- *Cartografía da concentración parcelaria*. Resulta interesante pola achega topónómica sobre os agros ainda que resulta moi desigual segundo as zonas.
- *Cartografía municipal* para a preparación dos planos de ordenación urbana a escala 1:5.000. Tefién algunha información sobre os topónimos pero resulta bastante escasa.
- *Planos do Catastro de Rústica*. Son os máis útiles porque neles podemos baleirar tódolos nomes que figuran nas bases de datos de catastro referidos a cada parcela segundo os seus propietarios. Unha documentación catastral de enorme valía é a correspondente ós anos cincuenta que achega referencias topónómicas de grande utilidade para aqueles territorios onde a información resulta escasa por falta de informantes.

Todas estas fontes documentais son complementarias á información obtida en campo. Posúen unha densidade de información diferente e de orixe distinta, polo que son manexadas con precaución e verificadas na enquisa de campo para a súa posterior corrección. O proxecto enriquecése deste xeito proporcionando unha maior fiabilidade ós resultados da enquisa directa.

2. Preparación da saída ó campo

Para a recolleita da microtoponimia é conveniente que se faga un estudo previo da zona na que se vai traballar comprobando a correspondencia de cada elemento do territorio coa súa representación na foto aérea e o outro aspecto fundamental é o contacto cos informantes que nos proporcionarán a información, xa que da súa aptitude e competencia depende o éxito da enquisa. Para unha correcto rexistro da fonética cómpre coñecer as características sociolingüísticas da área de estudio se o enquadrador non é nativo da mesma.

Xosé R. Boullón, Óscar Castro, Vicente Feijoo e Marta López

Os informantes

A carón do terceiro milenio, a transformación demográfica e a progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais ameazan gravemente a conservación do tesouro topónímico galego. Boa parte dos topónimos menores só teñen vida na fala ou na memoria de persoas de idade e todos eles teñen un alto interese científico e enorme valor como patrimonio cultural de Galicia.

A onomástica xeográfica pervive na memoria interxeneracional e constitúe a expresión da vinculación do home co seu medio xeográfico ó longo da historia. O carácter permanente dos topónimos fainos monumentos históricos, que se mantienen en pé através dos séculos e que funcionan como referentes compartidos da comunidade, como sinais da identidade colectiva.

Na enquisa faise evidente o importante que é a selección do informantes para garantir a máxima fiabilidade da información recolleita. Poderíamos considerar como características dun informante ideal as seguintes:

- *Bo coñecemento do territorio* que vén dado pola actividade que desenvolve (agricultores, gandeiros, mariñeiros), ou ben polas súas afeccións (cazadores, pescadores,...).
- *Idade avanzada* con residencia durante gran parte da súa vida no lugar. Estas persoas conservan a memoria histórica dun territorio que as novas xeracións teñen esquecida.
- *Boa orientación para a localización* na fotografía aérea do topónimo e do espazo que identifica.
- *Confianza e boa predisposición* para facilitar a información demandada sen reticencias.

A busca deste informante precisa da colaboración directa de axentes de distintos eidos (público ou privado) que actúan no territorio. Consideramos a colaboración do concello como imprescindible para facer unha primeira selección daquelas persoas que mellor cofiecen a contorna. Através das asociacións vecinais, culturais, de cazadores e pescadores, de montes comunais, etc.. achegámonos a ese informante ideal. Ás veces, estes intermediarios contribúen a evitar a desconfianza natural da xente ante o descoñecemento do obxecto do noso traballo.

A localización da persoa axeitada varía de forma desigual dependendo das características do territorio no que nos atopemos. É patente a redución considerable do número de informantes onde os cambios socioeconómicos tiveron especial relevancia:

- Nas zonas urbanizadas onde as referencias topónimas pérdense polo desraigado da poboación da actividade agraria e o crecemento urbano sobre o espazo rural cun hábitat denso, en moitos casos difuso e confuso.

Metodologia da enquisa topográfica: materiais e procedimentos

- Nas zonas montañosas o despoboamento e o abandono das actividades agrícolas e gandeiras reducen considerablemente o número de bos informantes.
 - Zonas afectadas pola concentración parcelaria ou pola creación de amplas extensións de pastos. Aquí redúcese considerablemente a cantidade de topónimos pola asignación dun único nome para cada nova parcela creada. Unha nova realidade territorial que implica o esquecemento dunha gran cantidade de topónimos por falta de uso. Para a súa recuperación só nos queda a documentación escrita, como pode ser o catastro que se elaborou a mediados do século pasado.

Dependendo da zona de Galicia na que fagamos a enquisa podemos atoparnos con realidades completamente diferentes pero que inciden directamente perda dun importante número de topónimos.

Por último hai que destacar a importancia da planificación dunha axenda de visitas, unha vez coñecidos os informantes dos que disporemos. Esta terá que establecerse tendo en conta a disponibilidade en tempo dos informantes, a posibilidade de moverse polo terreo ou de recoñecer directamente o territorio na fotografía aérea, e o seu grao de interese e colaboración para facilitarnos unha información de calidade.

A ficha de informante

Con estos datos preténdese ter unha referencia básica sobre a persoa que proporciona a información, posibilitando a súa valoración como fonte. Nesta ficha recóllense uns datos obxectivos que identifican ós enquisados e outros que nos indican a calidade do informante segundo a interpretación propia do enquisador.

Xosé R. Boullón, Óscar Castro, Vicente Feijoo e Marta López

No primeiro caso recollemos datos persoais do informante (nome, localidade, anos de residencia no lugar, actividade) que nos indican o grao de implicación que ten co seu medio e por tanto o coñecemento do mesmo. Tense en conta o tipo de enquisa realizada (individual ou de grupo) que pode ser indicativo da fiabilidade dos datos por estar contrastados.

Os datos sobre a calidade do informante son unha valoración que os enquisadores fan unha vez rematada a enquisa, sinálase a orientación sobre o territorio, mapas ou fotografías que ten o informante e a precisión que mostra na localización dos topónimos.

Nesta ficha tamén se fai unha referencia ó contraste da información, e conta cun apartado de observacións para sinalar todas as incidencias ou cuestiós que se consideren necesarias sobre cada informante.

3. A enquisa en campo

3.1. Materiais

Para o desenvolvemento axeitado da recolleita da información en campo empréganse os seguintes materiais:

a) A fotografía aérea: soporte de traballo.

A fotografía é un documento básico para a recollida da información topográfica, pois permite unha visualización do terreo de traballo e unha clara identificación de cada un dos componentes do territorio.

O material fotográfico é facilitado polo SITGA. A data do voo é do ano 1999-2000 a unha escala de 1:20.000.


A utilidade da foto faise evidente pola posibilidade de identificar o espacio que abrangue cada nome sen ter que desprazarse polo terreo. Con isto gáñase moito tempo material e por outra banda permite ver a realidade tal cal é, sendo máis fácil a identificación das referencias xeográficas tales como pedras, árbores, a forma das fincas, etc. Polo tanto, a foto serve:

- De apoio na orientación do informante.
- Para a localización xeográfica de cada un dos topónimos.
- Para delimitación do ámbito territorial dos topónimos.
- Para a posterior dixitalización da información recollida podendo incorporala así á cartografía.

A fotografía coa que se traballará vén ser unha ampliación a escala 1:5.000 da foto orixinaria a escala 1:20.000. Para poder traballar con maior comodidade no campo, esta foto foi dividida en catro cuartos, leva unha cu-

Metodoloxía da enquisa topográfica: materiais e procedementos

dríscula que serve de referencia para a identificación e localización no terreo de cada un dos topónimos recolleitos, que terán un número para ser relacionados co nome que lle corresponde anotado no caderno de campo.



Podemos diferenciar distintos tipos de topónimos segundo a súa identificación espacial:

- **Puntual:** topónimo que identifica un elemento do territorio que ten unha localización moi definida. Clasificamos desta maneira tanto as construcións singulares coma picos, fontes.... Son representados no mapa mediante un símbolo específico indicando un lugar puntual..
- **Lineal:** aqueles topónimos que se refiren a realidades do territorio coma camiños, ríos, regatos, etc.. Son representados cartograficamente con unha liña de cor. O número do topónimo pónse nunha cuadrícula central do percorrido, e identifícanse os extremos na ficha da enquisa.
- **Superficial:** topónimos que dan nome a un espazo territorial cuns límites más ou menos diferenciados. Son os nomes de montes, ladeiras, agros, entidades de poboación... Na cartografía represéntase mediante unha tipoloxía determinada de letra que abarca un espazo pouco definido.

A delimitación da área afectada polo topónimo pódese identificar ben debuxando na foto o contorno do espazo que abrangue, ou ben marcando cunhas frechas en forma de cruz. Na fotografía o número do topónimo pónse nunha cuadrícula central do polígono que determina o espazo identificado polo topónimo.

- b) O caderno de campo emprégase para anotar os topónimos recollidos coas súas características fonéticas e a tipoloxía xeográfica na que se inclúe cada un, que logo se pasará á ficha topográfica. A correspondencia coa foto faise através do número de topónimo que figura na foto e mais no caderno.

Xosé R. Boullón, Óscar Castro, Vicente Feijoo e Marta López

3.2. Métodos de enquisa

A entrevista propiamente dita, desenvolverase de distinto xeito dependendo das condicións do informador e do territorio no que nos movemos, polo que podemos diferenciar:

- *Enquisa estática*, desenvolvéndose desde un punto fixo coma a casa dalgún informante, algúñ local social ou parroquial, ou ben desde un punto elevado desde onde se divise parte do territorio e desde onde os informantes nos poídan sinalizar as terras que corresponden a cada nome.
- *Enquisa móbil*, consiste no desprazamento polo terreo acompañado dun ou varios informantes, localizando *in situ* cada un dos nomes.
- *Enquisa mixta*, resulta do emprego das dúas anteriores, dependendo tanto do informante coma das condicións do terreo.

Na *enquisa estática*, precísase que o informante teña un gran coñecemento do territorio e sexa capaz de recoñecelo na fotografía aérea. Facilita o labor do técnico de campo na toma de datos e acurta o tempo da recollida da información. Resulta axeitada nas zonas próximas ós núcleos de poboación, pero complícase nos espazos montañosos onde as referencias son máis difíciles. Resulta difícil coas persoas de idade avanza pero isto pódese solucionar co apoio dunha persoa máis nova que saiba localizar na foto.

A *enquisa móvil* é a mais axeitada, xa que ó desprazarse polo terreo a localización é máis precisa e ó informante resultalle máis fácil lembrarse dos nomes e dos elementos puntuais ó visualizalos. Non tódolos informantes se poden acoller a este sistema dadas as súas condicións físicas, a súa disponibilidade e as condicións meteorolóxicas. Non cabe dúbida ningunha de que resulta é a máis produtiva en cantidade e calidade pero tamén fai máis lentos os traballos de recolleita. Nas zonas montañosas e espazos incultos faise imprescindible.

A *enquisa mixta*, este sistema utilízase para acceder a zonas concretas e para asegurar informacións que no punto fixo ofreceron algunha vacilación. É importante comprobar *in situ* elementos puntuais do territorio como fontes, mullios, pontes, ou lineais coma ríos ou camiños que poden presentar dúbidas na fotografía aérea e mesmo na cartografía de referencia que se utilice.

O ideal durante a entrevista é que a información saia do informante dunha maneira espontánea, coa menor influencia posible por parte do enquisador. Para isto é aconsellable evitar as preguntas directas e sempre que se busque a confirmación dalgún topónimo que se recollera por outros medios diferentes ó oral (os que aparecen nos mapas topográficos do IXN e que hai que contrastar, por exemplo) débense utilizar preguntas indirectas.

Metodoloxía da enquisa topográfica: materiais e procedementos

4. O contraste e verificación da información

Toda a información que se recolla mediante as entrevistas debe ser contrastada de maneira indirecta con máis informantes, a non ser que sexa imposible pola inexistencia de máis de un informante para unha zona determinada, e con todos los documentos consultados previamente.

a) Contraste oral: Para isto caben as seguintes posibilidades:

- Realizar a enquisa a un individuo e unha vez rematada verificar os nomes dados por este con outros informantes.
- Realizar a enquisa cun grupo de informantes , co cal tanto a pronuncia como a localización dos nomes xa vai sendo contrastada por eles no momento da enquisa.

b) Contraste documental: Trátase de verificar a toponimia recollida en campo coa existente na documentación tanto cartográfica (IXN, Castatro...) como escrita: publicacións locais, monografías, apeos, libros de amillaramento... indicando os resultados deste contraste no apartado correspondente da *Ficha de topónimo* que veremos a continuación.

5. Introdución da información nunha base de datos: *A Ficha de topónimo*.

Cúbrese unha *ficha de topónimo* específica para cada un dos nomes recollidos en campo na que se reflicte toda a información xeográfica e lingüística obtida na enquisa oral. Os datos que se atopan nela pódense diferenciar do seguinte xeito:

- Datos espaciais e xeográficos
- Datos lingüísticos
- Datos documentais

a) Datos espaciais e xeográficos: utilizanse para situar o topónimo con respecto ós informantes, á fotografía e ás unidades administrativas do territorio; son os que aparecen como:

- *Referencias xeográficas* do topónimo (provincia, concello, parroquia e aldea)
- *Identificador cartográfico* do topónimo (Nºm.Foto, Ref. Folla IXN 1:25.000): Referencia cartográfica e da fotografía aérea na que se localiza o topónimo.
- *Nºm. Topónimo*: número único asignado a cada topónimo que conformará xunto con número da foto o *código único* identificador na base de datos.

Xosé R. Boullón, Óscar Castro, Vicente Feijoo e Marta López

- **Código de informante:** número persoal que lle asignamos a cada informante. Este código permítenos examinar a ficha do informante e ver as súas características.
 - **Topoloxía.** Diferéncianse os elementos en puntuais (construcións, pendos, pontes...) lineais (ríos ou camiños) e espaciais (identificadores de árees).
 - **As Cuadrículas:** coordenadas que identifican os topónimos na fotografía a través dun eixe vertical e outro horizontal. Sinalan os puntos onde se rotulan os topónimos na foto e a extensión aproximada de territorio que engloban.
 - **Tipoloxías:** clasificación segundo unha serie de categorías e tipoloxías xeográficas establecidas polo Proxecto Toponimia de Galicia.

Metodologia da enquisa topográfica: materiais e procedimentos

Estas categorías e tipoloxías teñen como finalidade regularizar a adscrición de topónimos a unha realidade xeográfica normalizada e definida, coa intención de axudar a un mellor coñecemento do seu significado e do espacio territorial que denominan.

Estableceronse seis tipos de categorías que fan referencia ó hábitat humano, á actividade exercida sobre o territorio e ós accidentes xeográficos relacionados coa terra, mar ou auga.

Esta é unha clasificación que serve para referenciar os topónimos xeográfica e topograficamente e proporciona un nivel de información que poder ser utilizado tanto desde o punto de vista xeográfico, polo seu carácter descriptivo do territorio, coma lingüístico, como apoio á comprensión da súa etimoloxía.


No seguinte cadro vemos as subtipologias que hai dentro dos seis grandes categorias:

b) Datos lingüísticos: son los que aparecen como:

- Topónimo / fonética: forma do topónimo tal e como se recolle na entrevista cos trazos fonéticos básicos do topónimo (timbre da vogal de grao medio, rotacismo, gheada, seseo, etc.).
 - Acepción / Xenérico. Como xenérico entendemos aquel elemento do topónimo que identifica de xeito xeral a natureza da entidade xeográfica (por ex.: fraga, souto, agro, tenza, serra, regato, barrio, leira, lombo...).

Xosé R. Boullón, Óscar Castro, Vicente Feijoo e Marta López

- *Dúbida lingüística*. Un campo no que o enquisador poder formular calquera problema de carácter lingüístico co que se atopara durante a realización da enquisa.
- *Contraste oral*: indica se se contrastou ese topónimo con máis dun informante.
- *Observacións*: anotacións de distinta índole que poidan aclarar a información do topónimo.



- c) Datos documentais: reflíctense aquí os resultados do contraste entre a información recollida en campo e a da documentación consultada.



- *Documentación*: sinala o tipo de documentación na que se atopou o topónimo (IXN, Catastro, Parcelaria e Outros). Picando na casilla de verificación aparece unadro de diálogo onde poñer os resultados do contraste.

5. Resultados e conclusións finais dos traballos de recolleita

Rematada a recolleita de toponimia de campo e introducidos tódolos datos na base de datos correspondente, procédese á elaboración dunha serie de informes de distinto tipo.

- a) **Informes lingüísticos**: teñen por obxecto principal resolver as dúbihadas dos técnicos de campo. Refliten :
- As dúbihadas de carácter lingüístico (principalmente de tipo ortográfico pero tamén morfolóxico, fonético, etimolóxico, etc)
 - As dúbihadas de carácter xeográfico. Principalmente problemas na asignación das categorías e tipoloxías xeográficas.
 - Informe cos xenéricos particulares e singulares que se empregan en cada parte de Galicia para nomear unha mesma tipoloxía xeográfica.

Metodoloxía da enquisa topográfica: materiais e procedementos

b) Informes de documentación: teñen por obxecto apoiar o traballo de recolleita e de normalización, ademais de verificar e corrixir a información topográfica e cartográfica. Reflicten:

- Documentación cartográfica básica empregada no traballo de campo: cartografía do IGN, do Catastro, da Parcelaria e da COTOPV (documentación cartográfica que a Xunta proporciona ós concellos). Toda a cartografía utilizada verifícase e corrixease e prestaselle especial atención á que aparece nos mapas 1:25.000 do Instituto Geográfico Nacional.
- Documentación bibliográfica, que pode ser de diferente natureza: publicacións actuais ou históricas, catálogos do patrimonio, escrituras particulares, etc.

A grandes trazos, estas serían as liñas metodolóxicas marcadas polo Proxecto Toponimia de Galicia na realización dos traballos de recolleita da toponimia en campo. A busca de homoxeneidade na información e o establecemento duns criterios nos distintos procesos de traballo pretende ser unha garantía de calidade dun traballo que supón un inmenso esforzo por parte de todos na procura da conservación dun patrimonio lingüístico e cultural de enorme valor existente en Galicia.